



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 11 de abril de 2024.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación de un/unha (1) auxiliar de atención sociosanitaria a persoas dependentes para o centro de día municipal, a xornada completa (100%) por un período de seis (6) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión de un/unha (1) auxiliar de atención sociosanitaria a persoas dependentes para o centro de día municipal, a xornada completa (100%) por un período de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía, de data 1 de abril de 2024 e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 078, do 4 de abril de 2024.

Analizadas as solicitudes presentadas, e tendo en conta que cumpre cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, polo que non procede requerir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Barrera Mon, Rita María	33**53**Y	Non

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. M^a Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro IX do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do





Concello de Ribeira de Piquín

Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 18 de abril de 2024, ás 08:30 horas no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 09:00 horas do día 18 de abril de 2024.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización dos exercicios da fase de oposición, ás 09:30 horas do día 18 de abril de 2024.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 11 de abril de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

